

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	GUITIRIZ
Edificio	Igrexa de Santa María de Labrada
Dirección	Lugar Penas, 3 27307
	43.29872656151955 -7.881513050295719
Protección	
Descrición	<p>igreja de orixe románica da que somente quedan orixinais algúns restos de muro. A igrexa foi refeita nos séculos XVII e XVIII. Unha nave con muros de cantería labrada, arco triunfal, capela maior de cachotería e sacristía detrás dela. Conserva o pavimento de pedra e o teito é de artesoadado de madeira. No muro lateral dereito está a porta da construción primitiva, leva lintel con tres pequenas cruces no exterior e arco de medio punto no interior. No interior, conserva unhas pinturas murais datadas do século XV, unha auténtica obra de arte merecedora dunha visita.</p> <p>A fachada principal do século XVIII, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, coa porta principal rectangular alintelada. Sobre o ingreso unha pequena xanela rectangular abucinada e, enriba desta, unha pequena fornela cunha imaxe da Virxe en pedra. Rompendo o vértice da fachada, unha base para unha espadana de dous corpos franqueado por dous pináculos moldurados e rematado con bóla. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moi moldurados e serve para aloxa-las dúas campás. O segundo corpo sobre cornixa, un frontón triangular curvo cun oco circular central, franqueado por dous pináculos bóla. Remata o conxunto un acroterio sobre o frontón cun pináculo con bóla. Enriba da sancristía ten unha pequena espadana dun corpo na que vai aloxada unha campá.</p>
Campás	Campás de Santa María de Labrada (Guitiriz, Lugo). Tanto a maior como a menor fundidas en 1918 por D. Constantino Linares en Carabanchel Bajo, Madrid.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	08-06-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<u>Campá pequena (1)</u>	<u>DE LINARES ORTIZ, CONSTANTINO (CARABANCHEL BAJO)</u>	1918	63	145
Espadana	<u>Campá grande (2)</u>	<u>DE LINARES ORTIZ, CONSTANTINO (CARABANCHEL BAJO)</u>	1918	77	264

Información completa: [Igrexa de Santa María de Labrada - GUITIRIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (22-06-2026)